

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 5 DE NOVEMBRO DE 2009.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás nove horas e cinco minutos do día cinco de novembro do ano dous mil nove, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do sr. Alcalde-presidente D. Xosé Fernández Barcia e coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Juan Roca Lorenzo, D. José Antonio Bouza Rey, D^a. Angeles Díaz Prados e D^a Gloria Fornos Bastida. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Vanessa Garcia Barreiro.

Actúa como secretario, o que o é desta Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 23.10.2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión extraordinaria realizada o día vinte e tres de outubro de 2009.

2.- APROBACION DO GASTO.

Tendo en conta a relación de gastos elevada á Xunta de Goberno Local pola Intervención Municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 373/2007, de 19 de xuño de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 22º das Bases de Execución do Orzamento de 2009, coa aplicación presupostaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

Rex.	Fact	Partida	Proveedor e Concepto	Importe
1509	95	2009.0.451.0.22607	PIROTECNIA ROCHA AREAS, S.L FOGOS DE ARTIFICIO DISPARADOS POLAS FESTAS DO CARME 2009	16.000,0 0 €
1588	5	2009.0.451.0.22609	LUME PRODUCCIONES S.C CONTRATACION GALEGOZ E PRODUCCION EVENTO,16.07.09	8.749,98 €
1633	2	2009.0.432.0.21001	FRANCISCO MONTERO VILA ACONDICIONAMENTO PARQUES E XARDINS	3.656,09 €
1634	1	2009.0.432.0.21001	FRANCISCO MONTERO VILA CORTE DE HERBA EN O PENEDO, SAN XOAN E CAMPO DOS CARNEIRO	6.261,49 €

1673	9318	2009.1.452.0.62200	PROYFE,S.L. DIRECCION OBRAS CERT. Nº13 PISCINA CUBERTA ARES-MUGARDOS.	7.058,77 €
1680	274	2009.0.451.0.22607	CALSOMATU,S.L. TRABALLOS MONTAXE FAROLAS E SERVIZOS PRESTADO DURANTE AS FESTAS 2009	4.098,04 €
1698	2580	2009.0.442.0.22713	SOGAMA, S.A. TRATAMENTO RU, PLANTA NARON, AGOSTO	12.668,6 6 €
1803	V01/1800	2009.0.452.0.22715	SIDECU, S.L. MONITOR ESCOLA MUNICIPALIOGA E MULTIDEPORTE,AGOSTO	9.948,85 €
1827	2509	2009.0.451.0.22607	LUIS A. MARTINEZ PARADA/ILUMINACIONES SICO ILUMINACIONES CON ARCADAS, FESTA POLBO E FESTA DO CARMEN 2009	3.538,00 €
1828	2609	2009.0.451.0.22607	LUIS A. MARTINEZ PARADA/ILUMINACIONES SICO SERVIZOS ELECTRICOS ACTUACIONES FESTAS DO CARME 2009.	4.222,40 €
1845	765	2009.0.442.0.22711	L.SECOPE S.A. SERVIZO RECOLLIDA ENSERES PORTA A PORTA, AGOSTO	3.700,06 €
1854	9378	2009.0.432.0.22706	PROYFE,S.L. DIRECCION OBRA MODIFICADO Nº 1, PROXECTO REURBANIZACION ENTORNO MERCADO II.	5.708,22 €
1855	9379	2009.0.432.0.22706	PROYFE,S.L. HONORARIOS POR DIRECCION DE OBRA RESTAURACION MERCADO MUNICIPAL	5.207,51 €
1859	202051937	2009.0.441.0.22101	EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL, S.A. SUBMINSTRO DE 52852 M3 DE AUGA POTABLE, AGOSTO	7.057,65 €
1900	MG09/200 9	2009.0.313.0.22718	ANA NAYA GARCIA, S.L. SERVIZO PUBLICO ATENCION A INFANCIA, SETEMBRO	5.995,47 €
1906	7	2009.0.322.0.22726	MARIA JESUS LOIS NAVAZA DOCENCIA CURSO MONITOR SOCIOCULTURAL, SETEMBRO	4.450,00 €
1907	310809	2009.0.432.0.22100	UNION FENOSA DISTRIBUCION, S.A. ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO, 09.06/11.08.09	14.096,77 €
1963	01/2009	2009.0.322.0.22726	M. JOSEFA MARTINEZ FERNANDEZ DOCENCIA CURSO EXPERTO XESTION SALARIOS, AGOSTO-SETEMBRO.	5.200,00 €
1960	3/2009	2009.0.322.0.22724	Mª LUISA MOREIRA GARCIA DOCENCIA CURSO AFD GUIA DE RUTA, SETEMBRO	4.400,00€
1972	1086	2009.0.451.0.22602	FERNANDO CUDILLEIRO ESTEIRO MATERIAL DE OFICINA PARACULTURA	3.209,30 €
1982	10/2009	2009.0.322.0.22725	CLAUDINA DEL PINO MARTINEZ DOCENCIA CURSO A. D. TURISTICO, AGOSTO	5.280,00 €
1990	2989	2009.0.442.0.22713	SOGAMA, S.A. TRATAMENTO RSU PLANTA DE NARON, MES SETEMBRO	11.097,25 €

2000	304	2009.0.432.0.22710	CALSOMATU,S.L. MANTEMENTO E CONSERVACION ALUMEADO PUBLICO,SETEMBRO	3.103,13 €
2020	2040149	2009.0.441.0.22706	EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL, S.A. CONTRAOLES ANALITICOS ANO 2008 E 01.01/30.09.09	4.013,68 €
2021	202052178	2009.0.441.0.22101	EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL, S.A. SUBMINISTRO DE 51735 M3 DE AUGA POTABLE, SETEMBRO	6.908,49 €
2030	10/2009	2009.0.611.0.22708	GONZALO RODRIGUEZ FERNANDEZ 5% DO IMPORTE DA LIQUIDACION 8/09	4.571,29 €

3.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

A) CERTIFICACIÓN Nº 1-FINAL DAS OBRAS DE "REPARACIÓN DA CUBERTA DO EDIFICIO DA ANTIGA CÁMARA AGRARIA MUGARDESA EN FRANZA", INCLUÍDAS NO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL (FEIL).

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 1- final da obra de **"REPARACIÓN DA CUBERTA DO EDIFICIO DA ANTIGA CÁMARA AGRARIA MUGARDESA EN FRANZA"**, incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL), por importe de TRINTA MIL EUROS (30.000 €), con cargo á partida 2009.0.611.0.63200 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

2º.- Presta-la súa aprobación á acta de recepción da devandita obra, de data 16.10.2009

3º.- Declarar a conformidade deste Concello coa execución das obras adxudicadas e que éstas se desenrolaron de conformidade co estipulado no proxecto das obras, e así se acredita na certificación das obras e na acta de recepción.

B) CERTIFICACIÓN Nº 1-FINAL DA OBRA "URBANIZACIÓN R/PIXIGO, TRAMO AVDA. GALICIA-CALLE REAL", INCLUÍDAS NO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL (FEIL)

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 1- final da obra de **"URBANIZACIÓN R/PIXIGO, TRAMO AVDA. GALICIA-CALLE REAL"**, incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL), por importe de VINTE E OITO MIL CINCOCENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (28.579,99 €), con cargo á partida 2009.0.432.0.60105 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

2º.- Presta-la súa aprobación á acta de recepción da devandita obra, de data 16.10.2009

3º.- Declarar a conformidade deste Concello coa execución das obras adxudicadas e que éstas se desenrolaron de conformidade co estipulado no proxecto das obras, e así se acredita na certificación das obras e na acta de recepción.

C) CERTIFICACIÓN N.º 1-FINAL DA OBRA "PAVIMENTACIÓN DUN TRAMO DO CAMIÑO DAS BARCIAS - O SEIXO", INCLUÍDAS NO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL (FEIL)

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación n.º 1- final da obra de "**PAVIMENTACIÓN DUN TRAMO DO CAMIÑO DAS BARCIAS - O SEIXO**", incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL), por importe de DEZASÉIS MIL OITOCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (16.862,02 €), con cargo á partida 2009.0.432.0.60106 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

2º.- Presta-la súa aprobación á acta de recepción da devandita obra, de data 16.10.2009

3º.- Declarar a conformidade deste Concello coa execución das obras adxudicadas e que éstas se desenrolaron de conformidade co estipulado no proxecto das obras, e así se acredita na certificación das obras e na acta de recepción.

D) CERTIFICACIÓN N.º 2-FINAL DA OBRA "ACONDICIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR NO CEIP UNIÓN MUGARDESA. CATRO CAMIÑOS. MUGARDOS", INCLUÍDAS NO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL (FEIL)

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación n.º 2- final da obra de "**ACONDICIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR NO CEIP UNIÓN MUGARDESA. CATRO CAMIÑOS. MUGARDOS**", incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL), por importe de NOVE MIL TRES EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (9.003,56 €), con cargo á partida 2009.0.422.0.62200 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

2º.- Presta-la súa aprobación á acta de recepción da devandita obra, de data 16.10.2009

3º.- Declarar a conformidade deste Concello coa execución das obras adxudicadas e que éstas se desenrolaron de conformidade co estipulado no proxecto das obras e así se acredita nas certificacións das obras e na acta de recepción.

E) CERTIFICACIÓN N.º 3 DAS OBRAS DE "REPARACIÓN DE FIRME, AMPLIACIÓN E DOTACIÓN DE BEIRARRÚAS E SERVICIOS NA RÚA DOS CASÁS (MUGARDOS)", INCLUÍDAS NO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL (FEIL)

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación n.º 3 da obra de "**REPARACIÓN DE FIRME, AMPLIACIÓN E DOTACIÓN DE BEIRARRÚAS E SERVICIOS NA RÚA DOS CASÁS (MUGARDOS)**", incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL), por importe de CUARENTA E SETE MIL TRESCENTOS DEZ EUROS CON TRINTA E ÚN CÉNTIMOS (47.310,31 €), con cargo á partida 2009.0.432.0.60104 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

F) CERTIFICACIÓN Nº 1 DAS OBRAS DE "MODIFICADO Nº 1 DEL PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS, MUROS DE CONTENCIÓN PERIMETRAL Y EJECUCIÓN DE ZAPATAS PARA SISTEMA DE ILUMINACIÓN ARTIFICIAL EXTERIOR EN EL CAMPO DE A PEDREIRA", INCLUÍDAS NO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL (FEIL)

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 1 da obra de "**MODIFICADO Nº 1 DEL PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS, MUROS DE CONTENCIÓN PERIMETRAL Y EJECUCIÓN DE ZAPATAS PARA SISTEMA DE ILUMINACIÓN ARTIFICIAL EXTERIOR EN EL CAMPO DE A PEDREIRA**", incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL), por importe de CIENTO VINTE E DOUS MIL CATROCENTOS CUARENTA E SETE EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (122.447,82 €), con cargo á partida 2009.0.452.0.62203 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

4.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA

Visto o escrito presentado pola empresa CONSTRUCCIONES MANUEL VARELA COLLAZO, S.L., interesando a devolución do aval definitivo constituído no seu día para garantir a execución das obras de "MELLORA E AMPLIACIÓN DO PARQUE DO CAMPO DO RÍO", e tendo en conta o informe técnico emitido polo técnico director da obra no que se fai constar que, transcorrido o preceptivo prazo de garantía, as obras atópanse en perfectas condicións sen que se observe ningún defecto a remediar, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda estimar a solicitude presentada pola empresa CONSTRUCCIONES MANUEL VARELA COLLAZO, S.L., e, en consecuencia, proceder á devolución da fianza definitiva constituída mediante seguro de caución núm 3.914.130, da Compañía Española de Seguros y Reaseguros de Crédito y Caucción S.A. - por importe de CATRO MIL TRESCENTOS OITENTA E OITO EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (4.388,88 €).

5.- EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL TRAMITADO A INSTANCIA DE D. ELOY AGULLÓ HERNÁNDEZ, EN REPRESENTACIÓN DE OBRES I PROMOCIÓN AGULLÓ S.L.

Vista a solicitude de reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Eloy Agulló Hernández, en nome e representación da entidade Obres I Promocións Agulló, S.L. (R.E. 23.03.2009) por imposibilidade de edificar 4 vivendas unifamiliares na finca con referencia catastral 4308701NJ6140N0001FM, sita no lugar de Gallada, exp. 6/2009, na que solicita unha indemnización de 71.555,66 euros, coa actualización que proceda a data na que se poña fin ao procedemento.

Tendo en conta o informe da arquitecta municipal de data 22 de setembro de 2009, obrante no expediente, así como do secretario da corporación de data 31 de xullo de 2009, no que en síntese se pon de manifesto que:

“Segundo.-O reclamante fundamenta a súa reclamación fundamentalmente en que na certificación urbanística aprobada pola Resolución da Alcaldía 737/2008, a parcela mínima é de 600 m², polo que só sería posible construír 2 vivendas unifamiliares, cando na cédula urbanística aprobada pola Resolución da alcaldía 807/2006, figura 300 m² o que o levou a presentar solicitude de licenza para 4 vivendas unifamiliares, cos seus correspondentes proxectos técnicos, co que se lle produzo o dano que valora nun total de 71.555,66 euros.

Non parece, ao meu entender, que no presente caso exista unha relación da causalidade entre a actuación municipal e o dano que se alega como producido por dita actuación municipal, polos seguintes motivos:

- *Porque na cédula urbanística aprobada pola Resolución da Alcaldía 807/2006, faise expresa cita á aplicación ao Solo de Núcleo Rural do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, contendo un asterisco onde figura a parcela mínima de 300 m², é dicir unha chamada de atención, facendose ademais en dita cédula expresa mención da aplicación ao Solo de Núcleo Rural deste Concello do apartado e) da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, no que expresamente se di que: “Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais tradicionais delimitados ao abeiro da lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia, ou clasificado como solo de núcleo rural segundo a Lei 1/1997, do solo de Galicia, aplicaráselle integramente o disposto nesta lei para o solo de núcleo rural, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas polo planeamento. (...) Aos terreos incluídos no ámbito do núcleo rural delimitado que non presenten un grao de consolidación pola edificación superior ao 50 % aplicaráselles o réxime establecido por esta lei para as áreas de expansión do solo de núcleo rural. (...)”*
- *Que en base precisamente ao disposto no apartado e) da Disposición Transitoria Primeira a arquitecta municipal, concreta no seu informe respecto a cédula urbanística aprobada pola Resolución da Alcaldía 734/2008, que a parcela mínima é 600 m², ao entender que a aplicación íntegra o disposto na citada Lei 9/2002, ao solo de núcleo rural, o que leva a esixencia dunha parcela mínima de 600 m² ao estar diante dun núcleo rural delimitado que non presenta un grao de consolidación pola edificación superior ao 50 %, e ter que aplicarlle o réxime establecido pola Lei 9/2002 para as áreas de expansión do solo de núcleo rural (600 m², artigo 29.1.a).*
- *Que como expón o propio reclamante no feito terceiro “...ante la posibilidad urbanística de que en la misma pudiera edificar cuatro viviendas unifamiliares...”, é dicir ante a posibilidade, non certeza derivada de dita cédula urbanística, procedeu a mercar dita finca, é dicir, por si pudiese edificar catro vivendas.*
- *Porque non pode facer recarse sobre a actuación municipal a actuación do reclamante, de non solicitar licenza de parcelación ou segregación antes de proceder a encargar a redacción dos proxectos técnicos para a construción das vivendas.*

Non só a secuencia lóxica sobre feitos é solicitar e obter previamente a licenza de parcelación ou segregación, formalizar as correspondentes escrituras de segregación e

tramitar dita alteración no catastro, e unha vez feito todo elo, solicitar a pertinentes licenza de obras para as parcelas sobre as que se concedeu a segregación. Alomenos, como requisito mínimo, debía e debe solicitarse e obterse previamente a licenza de segregación e logo, con base na mesma solicitar e obter a licenza de edificación para as parcelas para as que se obtivo a licenza de segregación, neste caso si que existiría responsabilidade patrimonial se logo se denegase unha licenza de edificación alegando como único motivo da denegación que a parcela esixible non é a mesma que consta na licenza de segregación concedida.

Terceiro.- Non se aprecia, pois, relación de causalidade ou anexo causal entre a actuación deste Concello e os danos alegados, entre a emisión da cédula urbanística aprobada pola Resolución da Alcaldía 807/2006, e a redacción dos proxectos para catro vivendas unifamiliares, ao estar claro que non se lle especificou que a parcela mínima era 300 m², senón que expresamente se fai constar a aplicación do disposto na Disposición Trnasitoria Primeira apartado e) da Lei 9/2002, co que levaría a parcela de 600 m², se o núcleo rural non está consolidado nos termos que establece dita Disposición Transitoria.

Ademáis, que esto é así o pon de manifesto o propio reclamante no feito expositivo terceiro no que expresamente fala da posibilidade de construír 4 vivendas unifamiliares, non da certeza que se deriva de dita cédula urbanística.

Cuarto.- Que dificilmente pode ter tal certeza de que a parcela é de 300 m² para encargarse xa a redacción dos proxectos cando non ten obtido a necesaria licenza de parcelación (en palabras do propio reclamante, feito cuarto) coa finalidade de obter catro parcelas de cómo mínimo 300 m².

Non pode operar nin imputar a este Concello a responsabilidade de encargarse a redacción dos proxectos de construción cando non se ten nin se dispón previamente da necesaria licenza de parcelación para poder ter as 4 parcelas, momento este no que si podería entrar a responsabilidade do concello; so será a partir deste momento no que se dipón da certeza de que se poderá construír unha vivenda en cada parcela.

Se o reclamante optou pola presentación simultánea da necesaria licenza de parcelación para obter catro parcelas de 300 m², e da licenza de edificación de 4 vivendas unifamiliares cos seus correspondentes proxectos, tal actuación non pode imputarse ao concello, máxime cando é necesaria e previa a licenza de parcelación para poder logo edificar en cada unha das parcelas que resultasen da parcelación, caso de ser esta aprobada nos termos presentados, que non é o caso.

Si o interesado houbera esperado a dispor da necesaria licenza de parcelación está claro que non houbera padecido os gastos e prexuízos que di ter padecido de redacción dos proxectos”.

E tendo en conta o ditame da comisión informativa de facenda e patrimonio, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Eloy Agulló Hernández en representación de Obres i Promocións Agulló, S.L., polos motivos expostos no informe da arquitecta municipal e do secretario da corporación, obrantes no expediente e que se dan aquí por reproducidos.

6.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE "COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADATORIA DO CONCELLO DE MUGARDOS"

Tendo en conta a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación, en sesión realizada o día 02.11.2009, a favor de D. SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL S.L. (SCI S.L.), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente o contrato de "COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADATORIA DO CONCELLO DE MUGARDOS" a D. SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL S.L. (SCI, S.L.) por ser a oferta máis ventaxosa para o Concello, no seguinte prezo:

a) Pola colaboración en vía voluntaria o prezo de 3,60 % do importe das cotas recadadas netas en período voluntario, IVE incluído.

b) Pola colaboración en vía de prema:

- O 99,60 % do importe dos recargos regulados no artigo 28 da lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, recadados en período executivo, IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2009.0.611.0.22708 do orzamento vixente.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

Cuarto.- Requerir ao adxudicatario provisional para que no prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se publique o acordo no B.O.P. constitúa a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, esto é, 3.424,80 euros, e presente - no caso de non telo feito no momento de presentar a súa proposición - a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Quinto.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario provisional e ao resto dos licitadores.”

7.- LICENZAS DE OBRAS.

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen perxucio de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:

- **Dna. ISABEL IGLESIAS LÓPEZ (EXPTE. 97/2008) segundo solicitude de data 22 de abril de 2008**, para obras en almacén para ampliación de cafetería, en Avda. de Galicia nº 40, referencia catastral: 0223303NJ6102S.

A edificación sitúase nunha parcela cualificada como Solo Urbano de Casco Antigo (SU-CA) polo PXOM.

A finalidade da licenza é segundo consta na solicitude “limpeza, lavado e encintado de paredes. Colocación de tarima flotante. Colocación de puntos de luz. Cambio de ventá exterior en mal estado”.

- Dna. GEMMA GARCÍA LÓPEZ (EXPTE. 153/2009) segundo solicitude de data 8 de setembro de 2009, para colocación de cartel, en Camiño Grande nº 31, referencia catastral: 4997118NJ6049N.

O cartel situarase na parte superior do muro, coas seguintes condicións:

- A licenza ten prazo de 2 anos, considerándose renovada por periodos anuais, agás comunicación expresa do Concello (art. 21 PXOM).
- A altura mínima sobre a rasante será de 2,50 metros (art. 81 PXOM) e o seu saínte máximo, 0,30 metros (art. 80 PXOM).
- Deberá de separar 3 metros do colindante.

Prazo de inicio: 3 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- Dna. M^a GLORIA GÓMEZ RODEIRO en representación de D. JESÚS HEVIA GÓMEZ (EXPTE. 167/2009) segundo solicitude de data 22 de setembro de 2009, para enfoscado e recebado das paredes do baixo cuberta, en Avda. Bello Piñeiro nº 53, referencia catastral: 4220017NJ6141N

A obra non suporá incremento de volume nin obras de formigón armado.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- Dna. ANA I. COBO FERNÁNDEZ (EXPTE. 170/2009) segundo solicitude de data 25 de setembro de 2009, para cambio de cuberta, en R/ Ares nº 9, referencia catastral: 0526021NJ6102N

O cambio será nunha superficie de 70 m², substituíndo a existente por fibrocemento e tella do país.

A obra non suporá incremento de volume nin obras de formigón armado.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- Dna. ADELINA SANTOS LÓPEZ (EXPTE. 172/2009) segundo solicitude de data 29 de setembro de 2009, para soleira de formigón, en R/ Coruto nº 8, referencia catastral: 3620002NJ6132S

A soleira irá dende a aliñación exterior do camiño do Coruto ata a vivenda. O fronte será de 23 metros e 4 de ancho e o lateral de 24 metros e ancho de 4; arroxando unha superficie de 172 m².

Distará 5 metros do eixo da vía, e solicitará aliñación no concello previo á súa execución.

Non sobrepasará a rasante da vía nin creará desniveis superiores a 1 metros respecto ao colindante.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- Dna. MARÍA M. RODRÍGUEZ FEAL en representación de Dna. MARÍA FEAL CORTIZAS (EXPTE. 173/2009) segundo solicitude de data 29 de setembro de 2009, para cambio de ventás, en R/ Alta nº 10, referencia catastral: 0222006NJ6102S.

O cambio será de 3 ventás de madeira por aluminio de iguais características estéticas que o resto do edificio.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- D. JUAN SARDIÑA PITA (EXPTE. 176/2009) segundo solicitude de data 2 de outubro de 2009, para cambio de ventás, en Avda. da Gallada nº 14, referencia catastral: 4405019NJ61040N

O cambio será de 6 ventás de madeira por aluminio de iguais características estéticas que o resto do edificio.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

B) PECHES

- Dna. MANUELA MEIZOSO FREIRE (EXPTE. 171/2009), segundo solicitude de data 28 de setembro de 2009, para construción de peche de bloque e reixa, en Avda. Bello Piñeiro s/n, referencia catastral: 4418604-12NJ6141N.

O peche terá:

- 19 metros de lonxitude fronte a camiño público e unha altura total de 1,50 metros.
- 44,46 metros de lonxitude ao Norte; 42,30 metros ao Sur e 19,75 metros ao Oeste, e unha altura total de 2,00 metros entre propiedades.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entonen coa paisaxe.

O peche non será opaco en máis de 1,00 metro de altura e de reixa ata acadar os 2,00 metros de altura entre propiedades, limitándose a 1,50 metros fronte a camiño público. (Segundo acordo plenario de 28 de setembro de 2007, publicado no BOP o 10 de outubro de 2007).

Non se permiten os peches con mallas tipo “*galiñeiro*” ou arames, nin os remates agudos.

Distará do eixo da vía pública 4 metros, debendo de solicitar aliñación no concello antes da súa execución. Coincidirá coa cesión realizada no expediente de licenza de obras 86/2008.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e vinte e cinco minutos do día ao comezo sinalado, pola Presidencia levántase a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

Vº. e praxe
O ALCALDE